

DECRETO

ASUNTO: APROBACION DAS BASES PARA A SELECCION DO PERSOAL DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2025

EXPEDIENTE: 2025/G003/000249

Relacionado co expediente: 2024/A003/000051

ANTECEDENTES:

Visto que a Deputación Provincial da Coruña acordou aprobar as bases reguladoras do Programa de contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña, PEL-CONCELLOS 2025, aprobadas por Resolución de Presidencia do 14/10/2024.

Visto a providencia da Alcaldía de data 07/04/2025 e o reparo formulado polo Secretario-Interventor de data 15/04/2025, que consta no expediente.

Visto o informe de discrepancias de data 15/04/2025, emitido por esta Alcaldía.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar as bases de selección para a contratación de seis (6) peóns, persoal laboral temporal, para a execución de obras e servizos municipais, co seguinte contido:

“BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE SEIS PEÓNS, PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PROGRAMA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA, PEL-CONCELLOS 2025, FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

A Deputación Provincial da Coruña acordou aprobar as bases reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña, PEL-CONCELLOS 2025, aprobadas por Resolución de Presidencia do 14/10/2024 (BOP nº 200, do 16/10/2024). Na Resolución de Presidencia nº 2025/3600, do 28 de xaneiro acorda aprobar a concesión definitiva das subvencións ás entidades da provincia (BOP nº 22, do 03/02/2025).

A finalidade deste programa é apoiar aos concellos da provincia na contratación de persoal preferentemente para a prestación de servizos municipais básicos, durante o ano 2025.

O Concello de Fisterra levará a cabo o proxecto, co obxecto realizar distintas actuacións no termo municipal, así como garantir uns servizos públicos esenciais para o cidadán.

Polo tanto, para desenvolver este proxecto prevese a contratación de seis (6) traballadores/as desempregados/as inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, como Peóns de obras públicas, a través de contratos laborais temporais vinculados ao programa de contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia no exercicio 2025 (PEL CONCELLOS 2025), por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para realizar as

funcións e tarefas obxecto da contratación. Os contratos realizaranse a xornada completa, e terán unha duración de catro meses.

1.-OBXECTO

O obxecto do programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal en situación de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

No contexto socioeconómico actual maniféstanse unha serie de necesidades e carencias a nivel municipal que é preciso atender de maneira inmediata para garantir de xeito eficaz a seguridade e saúde dos cidadáns e sempre ao abeiro do marco legal establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As contratacións realizadas ao abeiro deste Programa regularanse polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais, ademais da normativa especificada nas bases específicas do Programa Pel-Concellos 2025, publicadas no BOP nº 200, do 16/10/2024. Polo tanto, a modalidade de contrato a formalizar será a de “contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 405”;

Conforme a natureza deste programa e máis concretamente atendendo ao establecido no apartado 3.2 das bases, o Concello deberá realizar a contratación do persoal unha vez que quede acreditada a condición de demandantes de emprego das persoas a contratar e de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación, segundo o disposto no apartado 3.3 das ditas bases.

Polo tanto, e para dar cumprimento a estes principios, o Concello de Fisterra publicará estas bases no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no taboleiro electrónico (sede.concellofisterra.gal) e na páxina web do Concello de Fisterra (www.concellofisterra.gal).

Tamén se terá en conta o previsto no mesmo apartado, que sinala que no proceso selectivo, valorarase como mérito, na fase de concurso, ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas.

2.- FUNCIÓN E TAREFAS OBXECTO DA CONTRATACIÓN

Conforme á solicitude realizada á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do citado programa, os/as traballadores que se contraten formarán parte da cuadrilla de obras e servizos municipais, que realizará un conxunto de pequenas obras ou servizos que teñen por obxecto a limpeza en xardíns, zonas verdes, zonas de praia e paseos marítimos, labores de mantemento de lavadoiros e fontes públicas municipais, limpeza de rúas e prazas públicas, retirando as herbas e verdíns esvaradizos, así como limpeza de escaleiras, ramplas, etc., limpeza e desinfección de lugares

onde están os contedores, traballos de vías e obras e colocación de sinais, traballos de albanelería en xeral e reforzo e axuda ó persoal do Concello en outras actividades que sexan necesarias, e cubrindo as vacacións do propio persoal do Concello, incluído o servizo de recollida de lixo.

En xeral, as actuacións realizaranse en lugares como áreas recreativas, beirarrúas, parques e xardíns, areas, zonas verdes, e contornas naturais, fincas e camiños de titularidade municipal e outros lugares de uso colectivo como fontes e lavadoiros públicos. Todas as actuacións ou servizos levaranse a cabo en bens e terreos de titularidade municipal e sobre os que existe plena dispoñibilidade.

3.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ao artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro (BOE número 261 do 31 de outubro de 2015):

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

E tal como se sinalou anteriormente, conforme o previsto no apartado 4.2 das bases, as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que se acreditará coa presentación da tarxeta de demandante de emprego e ademais deberán estar incluídas nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral, circunstancia que deberán cumprir no momento de presentación das solicitudes, e que deberá ser acreditada no momento da solicitude para participar no proceso de selección:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior

ao dos homes.

- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- Persoas en situacións de dogodependencia
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

4.- SOLICITUDES

A instancia para participar na presente selección, conforme ao modelo que figura no anexo I, deberá acompañarse da seguinte documentación:

- Copia do documento nacional de identidade.
- Copia da tarxeta de demandante de emprego.
- Acreditación do idioma galego (Celga 1 ou equivalente).
- Xustificación documental da acreditación da situación de exclusión laboral:

Mulleres , persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Persoas desempregadas de longa duración (que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33% expedido pola administración competente vixente na data de publicación da convocatoria

Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar, vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais
---	---

- Documentación acreditativa das actividades formativas realizadas (copia dos certificados dos cursos, no que consten as horas realizadas), de ser o caso.

Deberán presentarse no Rexistro municipal no horario de 9.00 a 14.00 horas, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16 da Lei 39/2015, no prazo de **DEZ DÍAS (10) hábiles** que se contarán dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal (www.concellofisterra.gal) e no taboleiro electrónico (sede.concellofisterra.gal).

5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Concurso-oposición, xustificado nas características específicas e singulares do posto de traballo.

A- Fase de oposición: máximo 6 puntos

Consistirá no desenvolvemento dunha proba práctica, a realizar con ferramentas ou maquinaria, habitualmente utilizada polos traballadores municipais, para o desenvolvemento do seu traballo cotiá, que terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do posto: desbroce manual ou con desbrozadora en zona de maleza durante un tempo máximo de dez minutos. A valoración máxima desta proba será de 6 puntos.

B- Fase de concurso: máximo 4 puntos.

Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas, a fase de concurso será valorada da seguinte forma:

- Cursos de máis de 10 horas ata 50 horas: 0,25 puntos c/u
- Cursos de máis de 50 horas ata 100 horas: 0, 50 puntos c/u
- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto

A puntuación máxima a acadar na fase de concurso é de 4 puntos.

No caso de empate entre as persoas aspirantes, aplicaranse a efectos de desempate, os seguintes criterios:

1.- Puntuación acadada na fase de oposición.

2.- Puntuación acadada na fase de concurso.

3.- En caso de manterse o empate, realizarase un sorteo entre os/as aspirantes empatados.

En todo o non previsto nesta bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia; e normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

6.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Para reparar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión das devanditas listas, as persoas aspirantes disporán dun prazo de emendas de **dous (2) días hábiles** contados a partires do seguinte ao da publicación da dita resolución.

7.- LISTA DEFINITIVA

Rematado o prazo de emenda dos erros que motivasen a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, así como o lugar, data e hora de realización da proba que deberán realizar todos/as candidatos/as admitidos/as.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego que se esixa (Celga 1), os/as candidatos/as non serán excluídos/as por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba oral, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificado/a como non apto/a o/a candidato/a quedará automaticamente excluído/a.

8.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Os tribunais terán a seguinte composición, de acordo co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante (para todas as prazas): Un/ha presidente/a, tres vogais e un/ha secretario/a, que serán nomeados/as na resolución definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

O tribunal poderá nomear asesores/as especializados/as segundo o obxecto das bases, que emitirán o correspondente informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos.

9.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES

A cualificación final das persoas aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e de oposición, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación, elevando a proposta de contratación das persoas seleccionadas á Sra. Alcadesa, por orde de puntuación, valorando obxectiva e proporcionalmente os méritos achegados e xustificadas. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta á Sra. Alcadesa para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún/ha dos/as aspirantes acredite méritos suficientes.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar se non conta coa asistencia de máis da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

O Tribunal publicará a lista coa cualificación definitiva dos/as aspirantes por orde de puntuación no Taboleiro de anuncios e na páxina web. No caso de que un/ha seleccionado/a renuncie, considerarase proposto o/a seguinte da lista.

En todo o que non se recolla nas presentes bases, será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local.

10.- BOLSA DE TRABALLO

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos/as aspirantes admitidos/as e presentados/as no procedemento selectivo (excluídos os/as seleccionados/as) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidade do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos/as seleccionados/as neste proceso. A orde de chamamento dos/as aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

11.-ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir notificando á Presidencia cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40 /2015, do 1 de outubro , do réxime xurídico do sector público. Así mesmo os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da devandita Lei.

12.- PROTECCIÓN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Fisterra, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos mesmos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Fisterra, Rúa Santa Catalina, 1 (15155) Fisterra.

13.- RECURSOS.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39 /2015, do 1 de outubro,

do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO POSTO PEON			
Apelidos e nome			
D.N.I.		Data nacemento	
Enderezo			
Código postal		Municipio	
Teléfono		email	

DECLARO:

Ter coñecemento do contido das bases para a contratación de persoal laboral temporal dentro do PROGRAMA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PEL-CONCELLOS 2025), FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, aceptar na súa totalidade o contido das ditas bases e cumprir coa totalidade dos requisitos establecidos nas mesmas.

SOLICITO:

Ser admitido/a neste proceso selectivo de acordo cos termos establecidos nas bases que regulan o mesmo.

Fisterra,.....de.....de 2025

Asdo:.....

DOCUMENTACIÓN QUE SE APORTA

- Solicitud de participación no proceso selectivo (anexo I) (obligatorio)
- Copia do DNI (obligatorio)
- Copia da tarxeta de demandante de emprego (obligatorio)
- Documentación acreditativa da situación de exclusión laboral (obligatorio)
- Acreditación do uso do idioma galego (Celga 1 ou equivalente)
- Documentación acreditativa da formación aportada"

SEGUNDO: Resolver, ao abeiro do establecido no artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, a discrepancia formulada a favor dos criterios expostos por esta Alcaldía, levantar o reparo da Secretaría-Intervención e continuar coa tramitación do expediente.

TERCEIRO: Publicar as bases na páxina web do Concello de Fisterra e no taboleiro electrónico, coa finalidade de que as persoas interesadas en participar neste procedemento, presenten as instancias nun prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación das bases na páxina web municipal e no taboleiro electrónico deste concello.

CUARTO: dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mandouno e asina a Sra. Alcaldesa en Fisterra, a martes 15 de abril de 2025 , do que eu, como Secretario, dou fe.

A ALCALDESA,

Áurea Dominguez Sisto

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Marcos Vázquez Campaña